



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2017/9	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	29 de setembro de 2017
Duración	Desde as 20:07 ata as 22:22 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	NON
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior do día 11 de setembro de 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Intervencións:

A Sra. Hermelo Piñeiro indica en relación co expediente 5574/2017, que existe unha discordancia no sentido da votación, os que constan como a favor serían en contra.

O Sr. Abalo Costa fai dúas correccións respecto das súas intervencións no inicio do expediente 4890, de resolución do contrato da auga, que din:

- Onde di: “e tamén de actas do Goberno Civil”, debe dicir: “do Seprona”

- Onde di: “pero á vista dos incumprimentos existentes decidíuse que era oportuno proceder a iniciar a resolución do contrato”, debería dicir: “pero ante os reiterados e diversos incumprimentos esenciais procedeuse a propoñer ao pleno a apertura dun expediente de inicio de carácter resolutorio”

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o día 11 de setembro de 2017.

Intervencións:

O Sr. Alcalde propón modificar a orde do día para tratar o punto 6º debido á presenza do

Concello de Cangas



colectivo afectado.

O Sr. Sotelo Villar pide que se siga este mesmo criterio para todos os colectivos, xa que noutras ocasións non se ten actuado así.

Expediente 6042/2017. Proposta do equipo de goberno de apoio aos traballadores do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento de Pontevedra.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do equipo de goberno do día 21.09.2017, relativa a que é como segue:

“Os bombeiros do consorcio provincial contra incendios e salvamento de Pontevedra, integrado polos parques de Vilagarcía, Ribadumia, Morrazo e Baixo Miño, xestionados pola empresa mantemento de infraestruturas s.a (MATINSA), a partir do 8 de Agosto comezaron unha folga de carácter indefinida.

O obxectivo desta folga é o seguinte:

-Esixir o cumprimento da sentenza do TSXG que reconece o dereito dos traballadores a non verse prexudicados pola aplicación de IPC negativo aplicado previamente pola empresa.

-O incumprimento dalgunhas das obrigacións contractuais da empresa con respecto á prestación do servizo, (non dan as 63,25 horas de formación aos traballadores coa importancia que ten para este sector, os vehículos carecen de seguro a todo risco e de xeolocalización, non repoñen o material persoal dos traballadores, abandono de instalacións, etc.)

-Cumprimento do disposto na D.A. 3ª da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia en canto á homoxeneización de condicións laborais dos traballadores dedicados ao sector de emerxencias, entre os que se atopan os traballadores desta empresa.

-A non cobertura de baixas de longa duración con persoal de bolsa de emprego que reduce o número de efectivos en moitas quendas de traballo obrigando a traballar en moitas situacións con servizos de 3 bombeiros por parque.

- A non aplicación do coeficiente redutor correspondente á idade de Xubilación de bombeiros recollido no RD383/2008. (tódolos bombeiros xubiláanse os 60 anos menos os bombeiros comarcais galegos que o fan os 67)

Esta folga apenas se está a notar no servizo que se presta, xa que os servizos mínimos impostos son 100 do servizo, impedíndonos un dereito tan fundamental para un traballador como é o dereito a folga.

Desde o comité de empresa do devandito consorcio (UXT, CIG, SIBGAL, CCOO) queremos que con esta medida tómesese en serio este servizo esencial tan importante para a cidadanía e



atállense dunha vez por todas as carencias, moitas veces disimuladas pola profesionalidade dos bombeiros que a compoñen, xa que sacamos adiante as intervencións a pesar de todos estes inconvenientes.

Tamén queremos facer fincapé, que dende o pasado 8 de agosto, día do comezo da folga, a empresa concesionaria, nos só intentou mellorar o servizo, se non que o empeorou:

-obrigando o persoal a facer horas extras, pese a negativa dos traballadores, para evitar a contratación de persoal, algo intolerable estando en folga.

-incumpre os servizos mínimos do 100%, facendo tanto mobilidade xeográfica como xornada irregular, para cubrir as baixas, quitando un traballador o día que a quenda esta con 4 efectivos movéndonos para outra que esta con dous, restando o servizo multitude de horas.

- Ata en dúas ocasións o servizo quedou con so dous bombeiros, incumprindo gravemente prego de condicións que marca os servizo mínimos de tres, a empresa reforzou con un sarxento, pero este non e persoal operativo (nin son as súas funcións nin pasa probas físicas).

-O mantemento do material segue a ser nulo, deixando 3 días (un fin de semana) a comarca do Morrazo sen un camión primeira intervención, por unhas pastillas de freo, pese a ter coñecemento facía dous meses atrás.

Recordar que a día de hoxe Matinsa ten aberto 18 expedientes sancionadores por inspección de traballo, por incumprir distintas leis (como o ten ter os EPIs imprescindibles para traballar como o pantalón anticorte para traballar con motoserras, carecer de emisoras ATEX, Equipos NRBQ e de mergullo sen revisar, etc.)

Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes, ACORDOS:

1º.- Apoiar a mobilización dos bombeiros do consorcio provincial.

2º.- Trasladar a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia, compoñentes do consorcio de Pontevedra a esixencia de que obrigue a empresa concesionaria "Matinsa" a:

a) Esixir o cumprimento da sentenza do TSX de Galicia que recoñece o dereito dos traballadores a non verse prexudicados pola aplicación do IPC negativo que a empresa aplicou previamente.

b) Cumprimento do disposto na Disposición adicional 3ª da Lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia no relativo á homoxenización das condicións laborais dos traballadores e traballadoras adicados ao sector de Emerxencias.

c) A aplicación do coeficiente redutor correspondente a idade de xubilación dos bombeiros recollido no RD 383/2008.

d) Que cubra as baixas de longa duración con persoal da bolsa de emprego que está a reducir o número de efectivos en moitas quendas de traballo, o que está obrigando a traballar en condicións inseguras para os traballadores e traballadoras e se a bolsa de traballadores se agota, inmediatamente convoquen probas para recuperala o seu 100%.

e) Que se cumpran as obrigacións contractuais da empresa en relación a prestación efectiva do servizo, que redunda enormemente nas condicións de traballo dos bombeiros.



3º.- Dado que a Empresa Concesionaria non cumpre coas condicións contempladas nos pregos da concesión e na lexislación vixente e sentencias contrarias aos feitos consumados, solicitar o Consorcio provincial de salvamento e extinción de incendios composto por Xunta de Galicia e Deputación de Pontevedra inicie o procedemento para rescindir o contrato ca concesionaria.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Abalo Costa: considera que se trata dun problema que non só se reduce aos traballadores, senón ao conxunto da poboación. A privatización de servizos ten este tipo de consecuencias. Pide que se apoie a proposta e que adopten medidas inmediatas.

Sr. Gestido Porto: di que apoiará a proposta e esixe ao goberno municipal que actúe e eleve estos pedimentos á Deputación Provincial e á Xunta.

Sr. Iglesias Santos: di que apoiará a proposta e tamén apoia a loita dos traballadores ante a xurisdicción contencioso administrativa e ante as demais administracións.

Sr. Sotelo Villar: di que están de acordo en demandar das administracións responsables o cumprimento da Lei e da sentenza á que fai referencia a proposta. O que non van apoiar, dado que ninguén se dirixiu ao seu grupo é a mobilización, xa que descoñece cales son esas mobilizacións ou en que consisten. Di que se se retira ese punto apoiarán a proposta e se non se absterán.

Sr. Alcalde: di que a proposta foi presentada polo Comité de Empresa do Consorcio. As mobilizacións se refiren á folga dos traballadores da que todos teñen coñecemento polo que o apoio se refire ás reivindicacións dos traballadores.

Incidencias:

Cando son as 20:24 horas, suspéndese o pleno para a intervención do colectivo afectado.

Cando son as 20:26 horas, retómase a sesión plenaria.

Sra. Giráldez Santos: propón que se modifique o termo “mobilizacións” por “reivindicacións” dentro do punto primeiro de acordo.

Sr. Sotelo Villar: pide que cando se traen reivindicacións deste tipo que require de apoio unánime, se fale previamente con todos os grupos.

Sr. Hermelo Álvarez: di que apoiará a proposta, como toda reivindicación dos traballadores, xa que considera que toda mobilización en defensa dos seus dereitos laborais é digna e válida.

Modifícase o punto primeiro co termo “reivindicacións”

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente coa modificación do punto primeiro presentada.

Expediente 5888/2017. Proposta de aprobación inicial de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 14 reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no mercado



municipal de abastos.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 0,

Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta da Concelleira desenvolvemento económico emprego local, relativa á aprobación inicial de modificación da Ordenanza Fiscal núm. 14 reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no mercado, do día 21.09.2017, que é como segue:

“Vista a necesidade de normalizar o traballo desempeñado polo departamento de tesourería deste Concello no relativo á aplicación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por utilización das instalacións existentes no mercado municipal, e segundo as especificacións que traslada a Tesoureira Municipal do Concello, coas propostas de modificacións a introducir no texto desta Ordenanza Fiscal.

E considerando necesario establecer ditas modificacións na ordenanza, nos seguintes termos:

(1) No artigo 6.4 establecer que o encargado do mercado remitirá o primeiro de cada mes a relación de tódolos obrigados ao pago, e non “no primeiro mes de cada exercizo” como figura actualmente.

(2) No artigo 6.4, eliminar a última frase, e establecer que “o Departamento de Secretaría do Concello, comunicará tanto a Intervención coma a Tesourería, todos aqueles acordos relativos á relación de altas e baixas ocorridas, con expresión das datas en que teñan lugar”.

(3) Incluír un novo punto neste artigo 6, que recolla a antelación coa que se debe comunicar ao Concello a renuncia dunha concesión: “Nos casos de renuncia do titular á concesión do posto no mercado municipal, deberá comunicalo ao Concello antes do día 20 do mes anterior, en caso contrario procederá a emitirse o recibo do mes seguinte.”

(4) No artigo 7.2 establecer o pago da taxa mensualmente e non trimestralmente, tal e como se ven devengando no departamento de tesourería.

Vistos os informes de Secretaría e Intervención de data 20.09.2017.

Realizada a tramitación establecida e en cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo,

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar a modificación dos artigos 6 e 7 da Ordenanza Fiscal nº 14 reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no mercado municipal de abastos, coa redacción que a continuación se recolle:

- No artigo 6.4, onde di “O encargado remitirá no primeiro mes de cada exercicio (...)” indicar



que “O encargado remitirá o primeiro de cada mes (...)”.

- Eliminar a última frase do punto 6.4, e engadir un novo punto que recolla que “O Departamento de Secretaría do Concello, comunicará tanto a Intervención coma a Tesourería, todos aqueles acordos relativos á relación de altas e baixas ocorridas no mercado municipal, con expresión das datas en que teñan lugar”.

- Engadir un novo punto neste artigo 6 que recolla o prazo de antelación para renunciar á concesión, nos seguintes termos: “Nos casos de renuncia do titular á concesión do posto no mercado municipal, deberá comunicalo antes do día 20 do mes anterior; en caso contrario procederá a emitirse o recibo do mes seguinte.”

- No artigo 7.2. onde figura que “o período impositivo da taxa pola utilización dos servizos municipais pola explotación dos postos de venta será trimestral. A taxa correspondente cuxas tarifas se establecen no artigo 5 da presente ordenanza, devéngase o primeiro día do trimestre” pásase a establecer o pago da taxa mensualmente, polo que se substitúe trimestral por mensual e trimestre por mes.

SEGUNDO. Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.

TERCEIRO. Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.”

DELIBERACIÓNS:

Sra. Vizoso Marcos: explica o obxecto da modificación, que só afecta á xestión da taxa pero non ao importe desta, indica os puntos en concreto que se modifican, de conformidade co disposto na proposta de acordo. Indica que o expediente conta con informes técnicos favorables e que o seguinte trámite será de exposición pública.

Sr. Millán Blanco: explica que no ano 2012, cando se redactou a ordenanza o departamento de Tesourería foi quen indicou a conveniencia do pago trimestral. Cre que pode facerse algunha aportación máis nesta materia, polo que se van abster.

Sr. Iglesias Santos: di que chama a atención que tras dous anos de goberno por parte do actual equipo non se percataran destes desaxustes e máis se a ordenanza leva en vigor desde 2012. Cre que é froito dunha descoordinación entre o goberno e os departamentos municipais.

Sr. Gestido Porto: indica que se vai abster.

Sra. Vizoso Marcos: di que as modificacións se realizan á proposta da tesourería municipal e que foron os propios concesionarios da praza os que solicitaron o pago mensual.



VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN).

Abstencións: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 3984/2017. Designación de representantes municipais en órganos colexiados tras a renuncia de Eva Rodríguez Calvar.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 11, En contra: 0,
Abstencións: 9, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 20.09.2017, relativa á designación de representantes municipais en órganos colexiados, tras a renuncia de Eva Rodríguez Calvar, que é como segue:

“Visto o acordo de pleno de data 26.06.2015 sobre designación de representantes municipais en determinados órganos colexiados.

Visto que, tras a renuncia da concelleira do grupo ASPUN Eva Rodríguez Calvar é necesario realizar unha nova designación de representantes municipais na Xunta de Goberno da Mancomunidade e no Consello Escolar do Colexio Monte Carrasco.

Visto o escrito presentado ao respecto polo grupo municipal da ASPUN en data 14.09.2017, con núm. de rexistro 10826.

PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Designar representante municipal na Xunta de Goberno da Mancomunidade de Concellos do Morrazo a Ánxela Vizoso Marcos, en substitución de Eva Rodríguez Calvar.

Segundo.- Designar representante municipal no Consello escolar do CEIP Monte Carrasco a Jesús Pérez Gallego, en substitución de Eva Rodríguez Calvar.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Mancomunidade de Concellos do Morrazo e á directiva do Centro Escolar. “

DELIBERACIÓNS:



Concello de Cangas

Sr. Alcalde: explica que a proposta se realiza a pedimento do grupo Aspun.

Indícase que na proposta se debe corrixir a denominación do centro escolar de CEIP por IES.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Abstencións: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6022/2017. Inicio de expediente para o nomeamento de Bernardino Graña Villar como Fillo Predilecto da Vila de Cangas e para poñer o seu nome á Casa da Cultura do Concello.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da concellería de Cultura e normalización lingüística, do día 21.09.2017, relativa ao inicio de expediente para o nomeamento de Bernardino Graña Villar como Fillo Predilecto da Vila de Cangas e para poñer o seu nome á Casa da Cultura do Concello, que é como segue:

“Desde a concellería de Cultura e Normalización Lingüística valoramos e promovemos o recoñecemento público e colectivo dos nosos veciños e veciñas máis significados.

Se ao longo desta lexislatura xa se deu forma a distintas homenaxes (Félix Soage, María Soliña...) ademais de iniciar o procedemento para aprobar un Regulamento de Honores e Distincións; cremos que, seguindo esta tendencia, e lembrándonos tamén dos próceres aínda vivos, conviría alicerzar ese recoñecemento e cariño a un dos máis grandes poetas que deu Galicia na súa historia e que representa coma ninguén a través dos seus textos moitas das características da esencia cangueira.

O creador ao que nos referimos é Bernardino Graña Villar, poeta egrexio e de recoñecido prestixio que contribuíu decisivamente na proxección da nosa vila alén nosas fronteiras.

Testemuña de moitos momentos decisivos da historia social e cultural recente, membro activo na conformación dun campo cultural e literario máis forte para o noso País, Bernardino Graña, consideramos, é merecente das homenaxes máis sobranceiras que o protocolo do noso Concello lle poida ofrecer.

Por todo isto e moitas máis cousas que se puideran considerar nos debates pertinentes, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



1. *Incoar expediente para o nomeamento de Fillo Predilecto da Vila de Cangas a Don Bernardino Graña Villar.*

2. *Poñer o seu nome a un dos edificios máis emblemáticos do concello: A Casa da Cultura que pasaría a ser oficialmente coñecida como “Casa da Cultura Bernardino Graña.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Mera Herbello: explica o contido da proposta. Lembra a proposta de facer a fundación Bernardino Graña, que por circunstancias non se puido desenvolver; tamén o proxecto de Cesar Portela para a realización dun museo, indicando que por diversas razóns estas propostas non se levaron a cabo. Cre que é un bo momento para o nomeamento de Bernardino Graña de fillo predilecto, así como poñer o seu nome á Casa da Cultura do Concello. Indica que esta proposta tramitárase conforme ao Regulamento municipal de honores e distincións.

Sr. Iglesias Santos: di que apoiarán a proposta.

Sr. Gestido Porto: sinala que aprobará a proposta.

Sr. Millán Blanco: cre que xa se está incumprindo o inicio do expediente porque segundo o artigo 12 do Regulamento Municipal a iniciativa que poderá proceder de proposta razoada do Sr. Alcalde– presidente do Concello, de moción subscrita polos dous terzos dos membros de feito que compoñan a corporación municipal e tamén por solicitude fundada de polo menos cinco entidades, centros de carácter oficial, institucións, sociedades, ou asociacións.

Está de acordo no recoñecemento a Bernardino Graña, pero cre que a súa imaxe merece o máximo respecto.

Lembra que esta proposta require o apoio de $\frac{2}{3}$ da corporación, polo que a proposta debería terse traballado máis. Pide que se retire o segundo punto para debatilo previamente entre todos os grupos, e sinala que apoiarán o primeiro punto.

Sr. Mera Herbello: lembra que nunha lexislatura anterior xa retirou unha proposta similar para garantir a unanimidade dos grupos. Explica que falou con todos os grupos e todos estaban de acordo en iniciar este expediente. Propón modificar o punto segundo da proposta para incoar o expediente de poñer o nome de Bernardino Graña á Casa da Cultura, porque recoñece que a redacción pode ser confusa.

Sr. Alcalde: pide que se fagan as correccións propostas polo Sr. Mera Herbello, para non empañar a proposta de inicio do expediente.

Sr. Iglesias Santos: cre que non fondo estan todos de acordo, pero cre que as formas tamén son importantes. Pide que se respecten as normas na tramitación dos expedientes.



Incidencias:

Cando son as 20:47 horas suspéndese o Pleno para consensuar o acordo.

Cando son as 20:49 reanúdase a sesión co acordo de modificar a proposta do seguinte xeito:

“2. Incoar expediente para poñer o seu nome a un dos edificios máis emblemáticos do concello: A Casa da Cultura que pasaría a ser oficialmente coñecida como “Casa da Cultura Bernardino Graña.”

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coa modificación transcrita anteriormente.

Expediente 6021/2017. Proposta do equipo de goberno s/ a Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 11, En contra: 7

Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta do Equipo de Goberno, presentada o día 20.09.2017, relativa á Lei de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia, que é como segue:

“Recentemente a Xunta de Galicia presentou pola vía de urxencia á Proposición de Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, impedindo así o seu debate e exposición pública.

Esta PDL modifica a lo menos unha ducia de leis, entre elas están a dos sectores eólico, mineiro e forestal, pero tamén a de cooperativas, a de procedemento administrativo, a de taxas, prezos e extraccións, a de turismo, a de estradas, a do patrimonio cultural e a de conservación da natureza.

Moita da regulación de estas leis precisa actualización e traballo para adecualas ao momento actual no que vivimos, pero non desta forma, a través de Disposicións Derradeiras nunha nova lei. Precisan de debate cos sectores implicados, cos colectivos e axentes sociais e coa cidadanía. Teñen que debaterse publicamente, de forma transparente e teñen que ser participadas.

A PDL de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia supón a redución á metade do tempo de exposición pública para os proxectos sectoriais urxentes. A eliminación do trámite de autorización administrativa para moitos aproveitamentos madeireiro, precisando soamente unha declaración responsable. Nesta lei, noméase tamén as administracións que van ter competencias administrativas, pero curiosamente a que falta é a que ten competencias en materia ambiental. En canto o sector eólico, permítase a instalación en todo o solo, menos no espazo da Rede Natura 2000 (12% do territorio do país), deixando a porta aberta a que en zonas nas que existe protección ambiental, patrimonial ou cultural se poidan instalar.



Esta PDL supón a liberalización de sectores estratéxicos para Galiza como son o eólico, mineiro ou forestal, facilitando a iniciativas empresariais só a grandes empresas e non as PEMES e autónomas, xa que a estas últimas non lles afectará esta PDL

Polo exposto, o Pleno do Concello de Cangas insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Retirar a Proposición de Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.*
- 2. Iniciar un debate público e por separado para modificar e actualizar as Lei 8/2009 de aproveitamento eólico de Galiza, a Lei 3/2008 de minería de Galiza, e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.*
- 3. Garantir nas modificacións futuras das leis nomeadas anteriormente a conservación do patrimonio ambiental, paisaxístico, cultural e patrimonial de Galiza.”*

DELIBERACIÓNS:

Sra. Vizoso Marcos: explica o obxecto da proposta presentada, referida a Lei de Fomento da implantación que foi presentada por vía de urxencia no Parlamento de Galicia. Expón cales son os principais sectores afectados por esta proposición de Lei e as principais normas lexislativas que resultan modificadas. Cre que esta proposición de Lei busca beneficiar ás grandes empresas para a súa instalación en Galicia, proposta que non foi obxecto de ningunha exposición ou debate público.

Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Iglesias Santos: di que coincide inicialmente coa proposta do equipo de goberno, se ben non cre que o feito de que unha lei modifique outras leis, sexa necesariamente malo. O pedir unha revisión dun grupo de leis supón emplazar ao Parlamento Galego para que se poñan a traballar nestas modificacións. En canto á apertura dun debate público lembra que as leis se tramitan e aproban polos representantes dos cidadáns, que son os parlamentarios. Non acaba de ver a perigosidade desta proposición de lei.

Sra. Hermelo Piñeiro: indica que o obxecto da lei é que se implanten novas empresas o cal non é malo. Non son normais os prazos actuais que requiren as implantacións das empresas. Di que a Lei permite incentivos fiscais na mesma liña que xa se fai no País Vasco, buscando captar a implantación de empresas. Sinala que a Lei está aberta a que se fagan propostas para enriquecer a mesma, xa que non está aprobada nin en vigor. Cre que esta lei permite a subsistencia de sectores de enerxía renovable coma o sector heólico. Considera que esta moción se debe unicamente ao feito de que a lei foi tramitada polo PP.

Sra. Vizoso Marcos: di que se se leva a tramitación de lei por vía de urxencia non se está a permitir o debate. Cre que esta lei permite vender Galicia a prezo de saldo. O PP pretende dar saída a todo o chan industrial baleiro, pero esta proposición de Lei causará un impacto brutal no ámbito forestal e está pensada non para PEMES, senón para grandes empresas. Retíranse numerosos requisitos ambientais e administrativos. O máis grave e facelo por urxencia, é dicir, pola porta de atrás.

Sr. Iglesias Santos: di que coincide en moitos aspectos coa intervención da Sra. Vizoso Marcos. Lembra que en todo caso a última palabra a terán os concellos e tamén as comunidades de



montes, polo que haberá varios filtros. Cre que haberá que estudar a proporcionalidade de prexuízos e beneficios.

Lembra que en moitos aspectos as competencias non son da comunidade autónoma galega, senón da administración central, que por sorte pronto cambiará de color.

Sra. Hermelo Piñeiro: sinala que a lei flexibiliza a creación de cooperativas, entre outros aspectos beneficiosos. Cre que non é malo que os polígonos industriais estean controlados. Lembra que a Lei permitirá na súa tramitación a participación dos diferentes grupos e a aportación de suxestións. Sinala que o equipo de goberno tamén acostuma a traer expedientes e asuntos por urxencia.

Sra. Vizoso Marcos: cre que a redución de requisitos que propón a lei é perigoso e que hai outra maneira de utilizar o monte, sen un impacto tan brutal e de forma máis sustentable. Non entende por que o chan ten que destinarse a solo industrial para darlle rendemento.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Votos en contra: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstencións: 2 (1 concelleiros/as presentes do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6019/2017. Moción do grupo do PP de 11.09.2017 s/ modificación do tipo impositivo do IBI.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 12, En contra: 0,

Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 11.09.2017, relativa a modificación do tipo impositivo do IBI, que é como segue:

“No Pleno do mes de Abril presentamos una Moción onde se instaba o Goberno Municipal de Cangas a que iniciara o expediente de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do IBI baixando o tipo impositivo do 0,55 o 0,50. Dita proposta non foi aceptada polos grupos de goberno alegando o cumprimento do Plan de Axuste .Na defensa desta moción o Concelleiro do PP de Cangas que defendía a proposta rebatía este pobre argumento, pois no Plan de axuste establécese que para o ano 2017 e posteriores os ingresos previstos polo concepto do IBI serían 2,9 M. de € sendo superado con creces, pois os 4.476.000 do Padrón posto o cobro fai uns días, hai que sumarlle 1.800.000 das liquidacións da regularización catastral dos anos 2013,2014 e 2015, liquidacións das que tanto se queixaron os agora gobernantes pero que nada fixeron para que non repercutirá tan violentamente nas economías dos cangueses/as. Iso si, nos medios de comunicación fotos entrando na xerencia do catastro e moitos titulares na prensa, e mesmo fora de prazo pretenderen facer alegacións (Cal é o número de alegacións tramitadas a través do



Concello de Cangas

Concello ? CERO) contratando a dedo a un avogado amigo .

E dicir o Concello de Cangas recadará neste ano 2017, entre o Padrón e as liquidacións xa cobradas das regularizacións, mais de 6.000.000 de € fronte aos 2.990.000 € do 2014 .

Que dirían noutros momentos os agora gobernantes?

Desde o Grupo Municipal do PP témolo claro que a xente estaría xa fai tempo na rúa. Por moito menos que por este atraco o fixeron varias veces.

O PP denunciou varias veces esta cínica actuación, por un lado queren dar a entender que están intentando buscar unha solución a este problema pero pola boca pequena fan caixa para poder dilapidar en actuacións mais que discutibles, moitas delas debidas á nula capacidade de xestión con outras Administracións, algunha supostamente amiga.

Sirva como exemplo o feito polo PP no Pleno do 31 de Outubro do 2014 onde se aprobou , co voto contrario dunha parte do actual goberno e coa abstención da outra , que o tipo de gravamen do IBI para o 2015 quedara fixado na porcentaxe de 0,55 % sobre a base liquidable , quedando o Padrón do IBI 2015 en 3.085.000 € fronte os 2.990.000 do ano 2014, pois a intención era non aumentar a presión fiscal buscando a forma de recadar o mesmo .

Por todo iso entendemos que si hai vontade política pódese baixar con amplitude a presión fiscal sen por en risco a estabilidade da economía municipal e efectuamos a seguinte

Proposta de Acordo :

O Pleno da Corporación de Cangas insta o Goberno Municipal a que tome as medidas necesarias para modificar o tipo impositivo do IBI do 0,55 % o 0,50 %."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Millán Blanco: explica o obxecto da moción presentada. Fai referencia aos ingresos do Concello ao longo do 2017, especialmente tendo en conta a recadación da revisión catastral. Considera que hai argumentos máis que suficientes para reducir o tipo impositivo do IBI. Dá lectura á proposta de acordo.

Sr. Abalo Costa: di que o equipo de goberno xa está traballando para traer a pleno as modificacións pertinentes das ordenanzas impositivas e fiscais. Cre que as contas que presenta o Sr. Millán Blanco non contan con gastos coma os relativos ao transporte metropolitano, a PROMALAR, ou a Sogama así coma os derivados da xestión do ciclo integral da auga.

Sr. Giráldez Santos: cre que hai que lembrar de onde procede a suba do IBI, xa que non foi este goberno quen a fixo. Presenta unha emenda de substitución, que di:

"O Pleno da corporación de Cangas insta ao Goberno Municipal a estudar a posibilidade de modificación do tipo impositivo do IBI do 0.55% ou a implementación de medidas de axuda a colectivos sociais que o precisaren."

Sr. Iglesias Santos: di que todos desexan baixar os impostos. Sinala que na Comisión Informativa e na Xunta de Portavoces xa se pediron os informes técnicos que avalaran o inicio deste expediente, polo que, ao non figurar neste estes informes, vaise abster.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Sr. Gestido Porto: cre que se empeza demasiado pronto a campaña electoral e que antes de traer esta moción haberá que estudar as posibilidades de rebaixa impositiva do concello.

Sr. Millán Blanco: di que non acepta a emenda porque desvirtúa totalmente a súa moción. Cre que o Sr. Abalo Costa fala de gastos imprevisibles que non son tales: lembra que hai un informe xurídico que indica que non procedía o pagamento de oitocentos mil euros a Promalar; o expediente de resolución do ciclo da auga foi iniciado polo actual goberno e o gasto de Sogama fíxose por acordo dos 3 concellos mancomunados para evitar que a Mancomunidade foxe intervida. Di que houbo unha baixada do 0,6 ao 0,55 no tipo do IBI, durante o goberno do PP. Lembra que hai unha previsión de superavit de máis de 1,5 millóns de euros respecto do IBI, os datos que resultan das Contas Xerais poñen de manifesto que a proposta que figura nesta moción está perfectamente avalada. Cre que aportou os datos suficientes.

Sra. Giráldez Santos: di que a súa proposta de emenda está baseada nos números que resultan dos gastos municipais, por iso cre fundamental realizar un estudo previo.

Sr. Abalo Costa: explica que o equipo de goberno pretende decidir unha vez se teña de maneira formal o informe de intervención e tesourería. Lembra que a débeda coa UTE da auga foi orixinada por un acto de insumisión do goberno anterior. En canto a Promalar pagouse en base a unha sentenza que obrigaba a iso e foi case un millón de euros. Lembra todos os servizos municipais que debería asumir a Xunta de Galicia e tamén a necesidade de modificar a política fiscal en beneficio dos municipios.

Sr. Millán Blanco: sinala que os gastos municipais estaban previstos en relación ao préstamos no plan de axustes, polo que non se pode falar de gastos imprevistos. Cre que os números son claros porque así aparecen nos datos que recolle a Conta Xeral, se o goberno non o quere facer tampouco teñen que tratar de maquillalo.

VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA:

Votos a favor: 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 de Cangas Decide).

Abstencións: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a emenda transcrita anteriormente.

Expediente 5973/2017. Moción do PSdG-PSOE de 15.09.2017 s/ un novo modelo salarial e un novo pacto de rendas para España.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 13, En contra: 7,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSdeG-PSOE, presentada o



dia 14.09.2017, relativa a un novo modelo salarial e un novo pacto de rendas para España, que é como segue:

“Durante a etapa de goberno do PP a desigualdade salarial disparouse, mesmo nos anos recentes de recuperación da actividade e descenso da taxa de paro. En concreto, os salarios do 40% da poboación con menores soldos diminuíron, especialmente entre os traballadores cun contrato temporal.

Os descensos afectaron de modo principal aos máis novos: os salarios dos traballadores de entre 25 e 34 anos de idade cairon un 5,5% en termos reais.

Esta evolución salarial derivou nun importante aumento do fenómeno dos traballadores pobres: a porcentaxe de traballadores en risco de pobreza, definido como a proporción de traballadores cunha renda inferior ao 60% da mediana de ingresos, pasou do 10,8% en 2012 ó 13,1% en 2015, cociente unicamente superada por Grecia e Romanía.

Este modelo consolidouse, de modo que os novos entrantes no mercado de traballo están a facelo cun desconto nos seus salarios do 25% con respecto ao resto de traballadores, brecha que se aumentou nos últimos anos.

O actual modelo salarial en España está a impedir que o progreso económico e social esténdase á maioría de españois. Ademais dos nefastos efectos sociais que carrega, tamén desde o punto de vista estritamente económico o modelo actual ten cada vez menos sentido: pon en risco a recuperación económica na medida que imposibilita a normalización do consumo dos fogares, que aínda se atopa por baixo do nivel previo á crise. É un feito constatado que o mantemento de niveis de consumo aceptables no noso país, sobre o pano de fondo de baixos salarios, está a realizarse á conta dunha diminución da taxa de aforro das familias, que é un modo insustentable de avance.

É, por tanto, un obxectivo prioritario para o PSdeG-PSOE romper a dinámica instalada en España de baixos salarios, precarización e aparición de traballadores pobres, e dar paso a un novo modelo de salarios decentes no noso país, baseados nunha repartición máis xusta da produtividade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal socialista solicita ao pleno da corporación a toma do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a:

1.- Favorecer incrementos salariais anuais nos acordos entre Patronal e Sindicatos, para lograr que en 2021 os salarios recuperen o peso que tiñan na repartición da renda nacional no período previo á crise. Especificamente, propoñer un incremento salarial entre un 2% e un 3% en 2018, e entre un 2,5% e un 3,5% nos anos sucesivos (2019, 2020 e 2021).

2.- Acordar cos Sindicatos un incremento gradual do SMI ata alcanzar os 1.000 euros mensuais en 2020.

3.- Derrogar a reforma laboral co fin de poder recuperar o poder de negociación dos traballadores.

4.- Reforzar o principio de causalidade como única xustificación dos contratos temporais, xunto



cun reforzo da inspección de traballo para que os devanditos contratos sexan realmente unha ferramenta transitoria e excepcional.

5.- Equiparar a subida salarial dos empregados públicos para 2018 co aumento da inflación, incorporando complementos adicionais que permitan ir recuperando o poder adquisitivo perdido, así como xeneralizar a implantación da xornada de 35 horas semanais no sector público, sen diminución das retribucións económicas.

6.- Poñer en marcha un plan de choque para os mozos con medidas específicas, como a promoción do contrato de substitución e do contrato en prácticas, así como unha nova regulación das prácticas non laborais.

7.- Tomar medidas concretas contra a brecha salarial de xénero, como a aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral, que, entre outras cousas, estableza a obrigatoriedade de que os salarios de todos os empregados así como a súa modalidade de contrato sexan de coñecemento público.

8.- Tomar medidas para eliminar os fenómenos de precarización dos falsos autónomos e todas as novas formas de super explotación laboral.

9.- Tomar medidas concretas para atender as reivindicacións dos Traballadores Autónomos:

- 1.- MELLORAR O SISTEMA DE COTIZACIÓNS.*
- 2.- ALTAS E BAIXAS INMEDIATAS.*
- 3.- PODER CAMBIAR MÁIS VECES DE BASE.*
- 4.- PAGAR AS COTIZACIÓNS TRIMESTRALMENTE.*
- 5.- SUAVIZAR AS PENALIZACIÓNS POR ATRASOS PUNTUAIS.*
- 6.- DAR MÁIS CANCHA Á TARIFA PLANA.*
- 7.- FOMENTAR A SEGUNDA OPORTUNIDADE.*
- 8.- CREAR UNHA AXUDA PARA AUTÓNOMOS PARADOS.*
- 9.- O COBRO DA PENSIÓN, INMEDIATO.*
- 10.- OPTAR A CRÉDITOS PÚBLICOS.”*

Incidencias:

Cando son as 21:30 horas sae do salón de plenos o Sr. Presidente e toma a Presidencia a primeira tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: explica o contido da moción presentada, que ten por obxecto que se adopte medidas puntuais e tamén urxentes por parte do goberno central.

Sr. Hermelo Álvarez: di que apoiará a moción e pide que se faga referencia tamén á reforma laboral do 2010 que levou a cabo o PSOE.

Sr, Abalo Costa. Di que votará a favor, se ben cre que non vai valer para nada, porque o goberno central non fará nin caso.

Sr. Millán Blanco: di que está conforme con algúns puntos da moción. Sinala que o PP adoptou unha serie de medidas a favor dos autónomos, se ben aínda hai moito que traballar neste camiño.



Incidencias:

Cando son as 21:36 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

Sr. Millán Blanco: cre que a principal prioridade son os parados. Facendo referencia á creación de emprego por parte do goberno do PP e a recuperación de emprego en Galicia e a calidade do emprego na nosa comunidade autónoma. Fai matizacións respecto ao emprego público, lembrando que foi o PSOE, quen en xullo 2011, baixou o salario aos empregados públicos. Cre que a moción é unha declaración de intencións.

Sra. Giráldez Santos: di que apoiarán a moción, se ben sabe que é un brindis ao sol. Cre que vive nun país diferente ao do Sr. Millán Blanco, que falou dunha realidade que non é a de Galicia nin a do Estado.

Sr. Iglesias Santos: di que é evidente que a situación laboral en España e Galicia non é boa, e o incremento no emprego é de carácter estacional. Sinala que non ten problema en aceptar a suxestión do Sr. Hermelo Álvarez, referida á reforma laboral do 2010, ano en que a crise económica estaba no seu peor momento.

Sr. Millán Blanco: di que os datos que facilitou son os aportados pola enquisa de poboación activa (CEPA) Está conforme en que é necesario incrementar os salarios e a calidade do emprego, pero a política ten que ser realista.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide).

Votos en contra: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6018/2017. Moción do grupo do PP de 16.09.2017 s/ a xestión do uso do Bosque Encantado e o acondicionamento da senda dos muíños de Aldán.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 9, En contra: 11,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.09.2017, relativa á xestión do uso do Bosque Encantado e o acondicionamento da senda dos muíños de Aldán, que é como segue:



“Sen dúbida un dos lugares mais visitados do noso Concello nos últimos anos, é o chamado Bosque Encantado e o Paseo dos Muíños, sendo o comentario mais habitual o de "que pena, está todo abandonado

Aínda que o Concello non é o propietario do Bosque Encantado (co seu castelo, arco medieval ademais dun frondoso bosque con castaños, loureiros e tamén algunha especie exótica), si o é da senda que bordea o Río Orxás ata a Ponte de Herbello, pois ditos terreos foron cedidos polo herdeiro de Ramón Pérez de Armada ao Concello (Ano 2001) e por onde pasa o saneamento do barrio do Piñeiro e Herbello e que no seu día servíu para trazar dita senda .

Ademais do valor natural e etnográfico (recuperáronse pontes, unha fonte e mesmo algún muíño) para moitos veciños/as ten tamén un valor sentimental.

Entendemos que non é xustificable o estado de abandono que ten na actualidade. O escaso mobiliario está roto (papeleiras, varandas, asadores...) a vexetación cubre a senda sendo en algún tramo difícil de transitar; a fonte como por arte de maxia desapareceu ... en definitiva unha mala imaxe do noso Concello que con un mínimo de interese por parte dos actuais responsables municipais podía solucionarse.

Por todo iso presentamos as seguintes Propostas de Acordo:

- Que se estuden as posibilidades para que o Concello xestione o uso do Bosque Encantado (cesión, aluguer ou compra).*
- Que o Concello proceda de forma inmediata o desbroce, limpeza e reposición do mobiliario roto da Senda dos Muíños de Aldán.”*

DELIBERACIÓNS:

Sr. Soliño Costas: explica o contido da moción. Lembra que durante máis de dous anos non foi desbrozado nin foi obxecto de mantemento a senda dos muíños de Aldán. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sr. Alcalde: pregunta polas xestións que realizou o PP nesta materia.

Sra. Giráldez Santos: di que non é certo que a senda dos muíños estea sen desbrozar ou que a pasarela estea rota. Non é certo que non se desbrozara en dous anos e hai partes e fotos de que se ten desbrozado en varias ocasións. A retirada de papeleiras responde a un obxectivo que é evitar, neste tipo de espazos, a acumulación de bolsas e de lixo.

Respecto ao Frondoal, que non bosque encantado, é unha finca privada e pregunta que xestión fixo ao respecto durante catro anos o PP. Di que actualmente non hai interlocutores para falar e a situación da propiedade é irregular.

Na lexislatura 2007-2011, si se lle fixo unha proposta ao administrador, pero non se chegou a un acordo porque só ofrecían unha cesión de catro anos. Di que o concello está a limpar o camiño e a retirar o lixo desa zona. Indica que votarán en contra.



Concello de Cangas

Sr. Iglesias Santos: di que vai votar a favor.

Sr. Soliño Costas: afirma que o desbroce da senda fíxose tras a presentación da moción. Di que hai pasarelas e mobiliario en estado defectuoso que hai que reparar. Cre que se é posible negociar e encamiñar o expediente, para que o concello poida facerse cargo do bosque encantado.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 9 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de Cangas Decide)

Votos en contra: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 6016/2017. Moción do grupo do PP de 16.09.2017 s/ realización de modificacións legislativas para permitir o voto dos mariñeiros de altura.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 14.09.2017, relativa á realización de modificacións legislativas para permitir o voto dos mariñeiros de altura, que é como segue:

“A pesar das múltiples vicisitudes vividas nas últimas décadas, un dos piares da economía do noso Concello, segue sendo a pesca. A vinculación de Cangas coa pesca forma parte da nosa historia. Raro é quen non ten un familiar ou coñecido vinculado profesionalmente á pesca de altura, estando estes durante moitos meses fóra da súa casa e afastados da súa familia. Os nosos mariñeiros recorren todo o mundo, desde Rusia ata as Illas Malvinas, Illas Seychelles, Namibia, India ou Nueva Zelandia atopamos algún cangués.

A lexitimidade política dun goberno democrático deriva principalmente do sufraxio que é o dereito político e constitucional que temos a votar os cargos públicos electos.

Na actualidade en moitos Estados, as novas tecnoloxías con determinadas medidas de seguridade, facilitan o voto desde calquera lugar con internet. Reino Unido, Estonia, Suíza, Canadá, Francia ou EE.UU, en algún tipo de eleccións utilizaron este método.

Mesmo en España, a Mesa do Parlamento aprobou o 21.05.2012 o procedemento telemático en caso de maternidade, paternidade ou enfermidade grave.

Non entendemos que no ano 2017, mariñeiros de barcos que teñen tecnoloxía suficiente como para garantir o secreto e cumprir os requisitos do sistema electoral impedindo que un estrano poida influir no voto ou coñecelo, non poidan votar . En definitiva coas tecnoloxías actuáis un

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



mariñeiro dun barco de altura pode emitir o seu voto de forma libre e incondicionado, contando só a vontade soberana do votante.

Por todo iso efectuamos as seguintes Propostas de Acordo :

1.- Dirixirse aos distintos Grupos políticos que conforman o Parlamento do Estado, solicitando efectúen as modificacións lexislativas necesarias para permitir que os mariñeiros de altura poidan votar desde as súas embarcacións.

2.- Dirixirse aos distintos Concellos do Estado con maior vinculación co mar, para que tomen un acordo similar ao do Concello de Cangas.”

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: explica o contido da moción. Cre que no S. XXI hai os medios necesario para que se posibilite o voto dos mariñeiros con todas as garantías que esixe a lexislación electoral.

Lembra que esa opción xa existe para os membros do Parlamento europeo en casos de baixa ou de maternidade/paternidade. Dá lectura aos puntos de acordo.

Sra. Giráldez Santos: cre que esta moción é un cinismo dado que o PP reiteradamente no parlamento estatal votou en contra desta iniciativa, presentada no seu día polo BNG, no ano 2007 e no ano 2014. Lembra que tamén o PSOE votou en contra. Aínda así di que votará a favor da moción.

Sr. Gestido Porto: di que votará a favor e que é un asunto que figura no seu programa electoral.

Sr. Iglesias Santos: sinala que nas súas posibilidades defenderá ante o seu partido o dereito a voto dos mariñeiros e cre que habería que ser máis ambicioso para estender este sistema de votación.

Sr. Hermelo Álvarez: apoiará a moción e defende a modificación do sistema de voto, posibilitando a vía telemática para outros colectivos como os emigrantes.

Sr. Sotelo Villar: cre que cinsimo é dicir unha cousa e facer a contraria. Di que o PP actualmente está en minoría, polo que actualmente isto é un labor de todos os grupos. Cre que a base de insistencia se pode conseguir.

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta trancrita anteriormente.

Expediente 6093/2017. Moción do grupo do BNG de 25.09.20 s/ retirada do proxecto de Lei de Portos de Galicia

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 7,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día



25.09.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal BNG, relativa a retirada do proxecto de Lei de Portos de Galicia, que é como segue:

“Vén de iniciar a tramitación parlamentaria o anteproxecto de Lei De Portos de Galiza, contradicindo á señora Conselleira e ao presidente do Ente, que anunciaran sen reparos que ía estar en vigor a mediados de 2015, cando xa estamos rematando 2017.

Unha norma que o que pretende é impoñer aínda máis se cabe a filosofía do mercado na súa xestión, que amplía o período de concesión de 30 a 50 anos, que impón o seu modelo urbanístico amable aos concellos e que segue instalado no modelo de seguir potenciando a náutica recreativa como atractivo turístico e elemento dinamizador da economía galega sen ter en conta o paso da crise que deixou en evidencia o actual modelo.

No Título Preliminar xa apunta a filosofía profunda do estrito cumprimento da doutrina constitucional e unicamente chega a esbozar un raquítico compromiso de elaborar unha relación de espazos pesqueiros e destinados a usos náutico deportivos que reúna as características recollidas no artigo 3.6 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro; para promover a segregación prevista no citado artigo e nos artigos 2.1, letra e) e 3.3 desta lei. Este é todo o compromiso esgrimido polo Goberno galego ante o lexítimo dereito a solicitar a transferencia dos portos de interese nacional como xa o teñen conseguido outras nacións do Estado.

Na definición realizada no Cap II. Dos portos e instalacións portuarias de Galiza do Título Preliminar vemos como estende a súa definición en determinados conceptos como de porto deportivo non só ao conxunto de augas que abarca, senón tamén aos espazos terrestres contiguos a estas obras, infraestruturas e instalacións necesarias para desenvolver operacións propias da flota deportiva. Cuestións que provocan un permanente conflito cos criterios medio ambientais, pero tamén de ocupación dado que moitas veces as necesidade deportivas chocan cos intereses dos concellos de manter zonas de lecer ou incluso en moitos casos entra en contradición co uso de praia. Cando debería ser ao revés, e o interese náutico deportivo debería supeditarse a outros intereses do conxunto da colectividade como pode ser o goce de praia ou o de espazos de lecer como sendas ou paseos.

Dentro do Cap. III, debería contemplarse como principio de unidade de xestión aquela levada a cabo polos portos de interese nacional, dado que é de sentido común que haxa unha coordinación naquelas cuestións que lle afecten as actividades prioritarias dos portos galegos. Esta lei unicamente esboza retoricamente, que establecerá os instrumentos axeitados para garantir unha posición estratéxica e a cooperación e a colaboración na xestión entre os portos de competencia autonómica e os portos de interese do Estado, pero no concreto nada de nada.

Pero no que atinxe a Cangas, o máis grave está recollido no Título II, relativo a



planificación, ordenación, obras, medio ambiente e seguridade; que recupera a figura dos plans Directores de Infraestruturas e realiza unha análise da situación actual para a continuación definir as necesidades do porto nun horizonte mínimo de 5 anos. A pesar do seu carácter vinculante a realidade é que se pode modificar por obras menores, por obras de recoñecida urxencia ou de excepcional interese público, debidamente apreciado polo Consello da Xunta. Tamén poderá modificar a Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios que nalgúns dos portos xa teñen aprobado co cal seguirá sendo un instrumento totalmente moldeable polo presidente ou goberno de turno.

En realidade é unha blindaxe ante a revisión ou modificacións dos instrumentos de ordenación municipal xa que os mesmos non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación das competencias de explotación portuaria e, máis aínda, dado o seu suposto carácter supramunicipal, a superficie do sistema xeral non computará aos efectos de dotacións, cesións de aproveitamentos, reservas e equipamentos. Co cal os concellos ven eliminadas as súas competencias urbanísticas para ordenar o litoral e pór un pouco de sentido común para regularizar a fachada marítima. Portos con esta lei pode construír ata 12 metros de altura. E incluso vai máis lonxe ao determinar que a aprobación dos mesmos implicará, se é o caso, a necesidade de revisión ou modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal co fin de integrar as determinación do planeamento sectorial portuario no planeamento urbanístico municipal. Co cal non só poderán levar a cabo o que consideren conveniente, senón que as competencias exclusivas das corporacións locais quedan ao marxe do que estime Portos de Galiza e no caso de que planifique algo non contemplando no planeamento municipal o mesmo estará obrigado a realizar a súa adaptación.

Os concellos limitaranse a emitir informes non vinculantes. E por suposto as obras e instalacións portuarias non estarán sometidas aos actos de control preventivo municipal. Unicamente serán susceptibles de control e licencia municipal aqueles que non sexan acordes cos usos portuarios que realice a administración portuaria directamente, isto é ningún. E por supostos as obras de interese xeral portuario non poderán ser suspendidas en ningún caso pola autoridade urbanística competente.

Como boa filla dun goberno neoliberal, a lei fala continuamente de criterios de libre competencia, de recuperar a concorrência competitiva e a mellora dos servizos. Situación que se visualiza moi ben na actualidade no modelo de transporte privado as Illas Atlánticas e que este ano tan bos efectos tivo. Cun control de pasaxeiros que puxo de manifesto a presenza de 2100 visitantes máis que o cupo autorizado. E que puxo de manifesto o interese e férreo control da administración por velar por que se cumpriran as regras do xogo, especialmente portos de Galicia, que nin sequera apareceu. Agora que si, esta liberdade de empresa establecece para garantir a inversión realizada e sen conexión ningunha co servizo que debe prestarse durante todo o ano as localidades de Moaña e Cangas e sen ningunha responsabilidade dun modelo de mobilidade que debe apostar por un transporte colectivo, máis respectuoso co medio ambiente e potenciador da nosa singularidade.

No apartado dos portos náutico deportivos, séguese co modelo de crecemento



infinito. Un modelo que alcanza xa as 15.300 prazas, sen conexión ningunha cos portos de interese nacional, cun criterio de acceso a prazas públicas unicamente pola orde de solicitude ou dándolle preferencia ao tamaño. Esquecendo o criterio de racionalidade en determinadas rías e sen desenvolver medidas que poñan en valor a función social destas instalacións, sen apostar pola recuperación das embarcacións tradicionais ou por preservar o medio ambiente e os recursos mariños antes que o negocio inversor.

Igualmente non se lle da un tratamento específico aos portos pesqueiros para que contén non próximos 5/10 anos cunhas mínimas condicións. Tendo en conta que supoñen unha actividade de máis de 170.000 toneladas descargadas. Tampouco contempla un plan para adecuar o sector mexilloeiro a un mínimo de servizos básicos, sendo este un sector estratéxico que conta cunhas descargas próximas as 200.000 toneladas e no que nos encontramos con portos nos que teñen que fondear ou que carecen de pantaláns para realizar o atraque.

Por todo isto, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

Acordo:

- 1. Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza a retirada inmediata do Anteproxecto de Lei de Portos de Galiza.*
- 2. Trasladar copia deste acordo aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza.”*

DELIBERACIÓNS:

Sra. Giráldez Santos: expón o obxecto da moción e dá lectura ao acordo proposta nesta. Suliña o prexuízo que esta lei vaia causar á Administración local, reforzando as prerrogativas que xa ten a Consellería, incluso por riba do PXOM. Dá lectura ao art. 114 da lei, e ao artigo 130 coma exemplo dos abusos que pretende esta lei, se ben considera que todos os artigos deste proxecto de lei merecen unha reprobación.

Sr. Iglesias Santos: di que votará a favor. O grupo parlamentario do PSdG-PSOE tamén solicitou a retirada desta lei. Di que defende o municipalismo e cre que Cangas ten que ter as maiores competencias dentro do seu territorio.

Sr. Soliño Costas: indica que se trata dun anteproxecto que busca adaptar a lexislación galega á lexislación estatal de 2014, que é de rango superior.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE).

Votos en contra: 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstención: 1 do concelleiro de Cangas Decide.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a



Concello de Cangas

proposta transcrita anteriormente

Expediente 3285/2017. Dación de conta dos informes de reparo de intervención.

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das Resolucions da Alcaldía ditadas desde o 1 ao 25 de setembro do 2017

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Millán Blanco: solicitou por escrito con oito sinaturas dos concelleiros a emisión de informes tales como o referido á situación dos contratos menores (26.06.2017) ou un informe sobre a situación con Emalcsa que non foron emitidos. Lembra que tampouco se lle entregaron os informes de reparo de intervención da última sesión plenaria.

Sr. Alcalde: di que no pleno anterior a convocatoria realizouse pola secretaria accidental, que por motivos técnicos non puido subir os informes de reparo e é por iso que neste pleno se incluíron de novo todos os informes de reparo do pleno pasado. Di que el autorizou a entrega de toda a documentación que pidan os concelleiros e todos os departamentos o saben, non hai veto ningún. Explica que en ocasións pode haber falta de coordinación.

Sr. Sotelo Villar: di que na acta do último pleno figura presente a secretaria.

Sr. Alcalde: sinala que a secretaria estivo no pleno, pero non estaba no día que se realizou a convocatoria.

Sr. Sotelo Villar: di que o responsable de que a documentación se entregue en prazo é o alcalde. Indica que non teñen acceso á documentación que antes podían ver e si é culpa do Gestiona haberá que solucionalo. Pide que se lle entregue copia das alegacións presentadas en materia de transporte.

Sr. Iglesias Santos: pide que se lle entregue o contrato do PXOM.

Sr. Abalo Costa: sinala que o contrato foi entregado a todos os grupos e o problema, se non o recibíu, debería falalo con el e non esperar a dicilo no pleno.

Sr. Hermelo Álvarez: di que o problema na entrega da documentación é o peso da

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

documentación, polo que pode facilitarse a documentación por outra vía coma o wetransfer.

Sr. Gestido Porto: di que a documentación se pode facilitar por Gestiona e que el accedeu desta forma ao contrato de redacción do PXOM.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850